



Ruta Pondaliana

A ruta Pondaliana Val Nativo é unha ruta homenaxe ao poeta pontecesán Eduardo Pondal que quere achegar e difundir a súa figura, á vez que contribuír á dinamización turística do municipio de Ponteceso e da Costa da Morte.

Esta ruta natural parte da praza do Recheo, onde está o monumento conmemorativo inaugurado en 1981, e continúa polos catorce monolitos que marcan lugares significativos na obra do autor do himno galego. Pola ribeira do río Anllóns mentras se ve como o cauce conflúe co mar, polo verde e productivo val e ata o cumio do monte Branco discorre este camiño de catro quilómetros entre ida e volta.

Os monolitos, catro deles de dous metros, e os outros dez dun metro de altura, serán os guías pétreos dos pasos do camiñante ou do ciclista. Parte do itinerario tamén é apto para realizar en coche cunha pequena variante.